

Contra o eterno fastío

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



A BIBLIOTECA DE PEDARCANA
CARLOS TABOADA
Edicións Xerais
12,50 euros



O escritor Carlos Taboada

Divertida, emocionante e desbordante de imaxinación. Así é *A biblioteca de Pedrarcana*, a novela para a mocidade coa que Carlos Taboada resultou finalista do último Premio Merlín.

Dende as primeiras páxinas, esta historia de vertixinosas aventuras mergúllanos na crónica da imaxinaria cidade de Pedrarcana de Leria, "engaiolada nunha burbulla de tedio, a cidade enlamada na nugalla, a cidade ancorada no eterno fastío". E velaí o difícil reto que afrontan os mozos protagonistas e os adultos que lles axudan: despreguizar do seu infindo desleixo a urbe que aos poucos vai perdendo a súa personalidade esmagada pola febre construtora de ADVER S.A., a empresa de Fulxencio Adverso que se dedica ás Construcións Voluminosas e os Edificios Monumentosos que acaban coa morfoloxía orixinaria das cidades, igualando unhas a outras no seu feito deshumanizado.

Estanarración ecolóxica, ancorada no crecemento sostible e harmónico, toma forma nunha trama que incorpora habilmente o relato de aventuras piratas e a procura dun tesouro agochado, entretebrando todo con formativas reflexións sobre o papel da lectura e a aprendizaxe, a necesi-

dade de conservar as tradicións e o legado histórico e tamén o ideal de convivencia cívica e integración de todos os colectivos e clases sociais.

Sabido o anterior non estrañará que algúns dos personaxes principais sexan, xustamente, escolares, profesores e bibliotecarios, o que di moito sobre a importancia que á lectura e o libro se dá desde estas páxinas e tamén verbo da asunción metaliteraria que transversaliza non poucas pasaxes.

E non só a literatura está presente, e de xeito moi notorio, nesta obra, senón que tamén se deslizan nelas frecuentes referencias ao mundo cinematográfico e musical, evidenciando o relevo que as artes adquiren na utópica busca da cidade paradigmática que na novela se describe.

Deste xeito, a carón de alusións a escritores como A. Conan Doyle, Jules Verne, H. G. Wells, R. Bradbury ou B. Stoker figuran tamén citas de cineastas como F. Kapra, B. Wilder, N. Jewison, S. Donen, V. De Sica, F. Truffaut, R. Donner e mesmo C. Piñeiro (aí o está o Sempre Xonxa, o cine da localidade) e pintores como Van Gogh, M. Mallo, Renoir, Picasso ou F. Khalo.

Tremendamente plástica nas descriucións, a novela de Taboada arrinca cunha sorte de plano-secuencia para dar logo paso a unha arquitectura

de escenas que se suceden de xeito encadeado, onde o final dunha anuncia o comezo da seguinte, nun cosido fino que funciona a un tempo como retrouso estrutural e efecto estético.

Mais *A biblioteca de Pedrarcana* conta con outro atractivo engadido: as ledas e alusivas ilustracións do propio autor, ben coñecido tamén nesta faceta. Os desexos de Taboada van poñendo en imaxes o narrado, sumando aquí e acolá ao relato detalles visuais que axudan a crear unha impresión mental do universo narrado, ao tempo que serven de natural complemento a esta historia chea de lugares e personaxes.

A inserción de mapas ao inicio e remate da narración e pequenos debuxos nos encabezados de páxina, a alternancia entre ilustracións enmarcadas e outras de plana enteira, a axuda ao seguimento que supón a numeración e titulado dos, deliberadamente, breves capítulos, todo facilita a lectura de *A biblioteca de Pedrarcana*, novela de Carlos Taboada que moito ha gustar ás rapazas e rapaces de últimos cursos de Primaria, mais tamén a todas as persoas de calquera idade que anden na procura de relatos entretidos, repletos de acción e de mensaxes esperanzadas que nos afirmen na positiva idea de que un mundo mellor sempre é posible.